



## **BASES REGULADORAS PROGRAMA SEMANA DEPORTIVA NADAL 2022**

### **I. OBXECTO**

Constitúe o obxecto destas bases a convocatoria de prazas ofertadas no programa "SEMANA DEPORTIVA Nadal 2022", organizados pola Concellaría de Deportes en dúas quendas, a primeira do día 26 de decembro ao 30 de decembro (ambos inclusive) e a segunda do día 2 de xaneiro ao 5 de xaneiro (ambos inclusive) .

O obxectivo principal consiste en ofrecer á poboación infantil e xuvenil do Concello da Coruña programas deportivos de multiactividade á vez que se facilita ás súas familias unha boa ferramenta para poder conciliar a súa vida persoal e familiar durante parte das vacacións escolares de Nadal.

Así mesmo, saliéntanse como obxectivos específicos os seguintes:

- Fomentar, mediante a práctica da actividade física e deportiva, o benestar físico e mental, ofrecendo á poboación infantil e xuvenil un espazo de encontro seguro de saudábel.
- Dinamizar diferentes propostas de actividade física e deportiva entre a mocidade, proporcionándolles novas posibilidades de uso construtivo do seu tempo de lecer.
- Educar, a través da actividade física e deportiva, en valores tales como a solidariedade, confianza, cooperación e respecto aos demais, que veñan favorecer a relación e integración social.

### **II. PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán solicitar a súa participación a poboación infantil e xuvenil con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos (coa **idade cumprida a 31 de decembro de 2022**), distribuídos en dous grupos de idade diferenciados:

- Grupo de 6 a 8 anos.
- Grupo de 9 a 12 anos.

Terán preferencia as persoas empadroadas no concello da Coruña.

O Servizo Municipal de Deportes realizará de oficio a comprobación no padrón municipal do requisito de empadroamento do menor. No caso de que se produza un engano na declaración responsable que se debe presentar asinada para realizar a inscrición, o menor perderá o dereito a obter unha praza nos SEMANA DEPORTIVA municipais.

### **III. LUGAR DE REALIZACIÓN**

O programa de SEMANA DEPORTIVA Nadal 2022 terá lugar na Cidade Deportiva de Riazor.



#### **IV. NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS**

Ofértanse un total de 96 prazas, en cada quenda. Cada menor só poderá participar nunha quenda.

#### **TASA**

O importe a abonar será de 4,24 € por día, sendo o importa da quenda unha de 21,20 € e a segunda por importe de 16,96 €.

#### **HORARIOS**

O horario xeral das actividades será de 9:00 A 14:00 horas, se ben para unha maior facilidade de conciliación laboral e familiar poderase acceder ás instalacións pola mañá entre as 8:00 e as 9:00 h. e poderase saír ou ben ás 14:00 horas ou ás 14:30 h.

> **Horario xeral das actividades:** 09:00-14:00 h.

> **Horario ampliado de conciliación:**

- Entrada: Entre 08:00-09:00 h.
- Saída: A eleixir entre:
  - 14:00 h.
  - 14:30 h.

A opción de horario ampliado non supón un coste engadido.

#### **V. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN (PREINSCRICIÓNS)**

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude a través do formulario que se colgará na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

Para poder ter en conta as necesidades de conciliación das familias, deberán facerse as solicitudes para membros da mesma unidade familiar nun único formulario, para obteren un só número de sorteo. Todos os membros da unidade familiar optarán á mesma quenda.

Non se aceptarán inscricións de grupos de amigos/as ou outros parentes como membros da mesma unidade familiar. Para estes casos, no suposto de que queiran asistir á mesma quenda, deberán facer a solicitude seguida no tempo, para obteren números de sorteo próximos, tendo en conta que non é garantía

No formulario de solicitude deberá consignarse a quenda á que queren asistir. Cada participante só poderá asistir a unha quenda.

O prazo para presentar as solicitudes de preinscrición comeza o **1 de decembro e remata ás 23:59 h do 4 de decembro de 2022**.

Deberá presentar a solicitude o pai, nai ou titor do menor, ao seu nome e co seu NIF, indicando o nome do menor do menor para o que desexa solicitar praza.



## Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

No caso de rexistrar para a mesma persoa/unidade familiar máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade. Deste xeito, unha mesma persoa non poderá constar en máis dunha solicitude, sexa individual ou familiar.

### VI. LISTAXE PROVISIONAL E CORRECCIÓN DE ERROS

A listaxe provisional de solicitantes publicarase o día **7 de decembro de 2022** na web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

Na publicación asignaráselle un número a cada solicitude que será correlativo en función da hora, minuto e segundo na que se presentou a solicitude. O número estará vinculado co NIF, NIE ou número do pai, nai ou titor que realizou a inscrición e deberase gardar ese número para todo o proceso.

Posteriormente, abrirase un período de emenda de erros que comeza o **8 de decembro e remata o 11 de decembro de 2022**. As alegacións presentaranse no seguinte enderezo de correo electrónico [deportes@coruna.gal](mailto:deportes@coruna.gal).

Durante o prazo de corrección, non se aceptarán novas solicitudes nin se poderán facer cambios na quenda escollida. Só se aceptarán modificacións relativas aos datos persoais consignados nas solicitudes.

### VII. LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITANTES

A listaxe definitiva de solicitantes será publicada o **12 de decembro de 2022**. As persoas admitidas na súa primeira opción de preferencia quedarán automaticamente excluídas da súa segunda opción.

### VIII. SORTEO PÚBLICO

No suposto de que existan máis solicitudes que prazas, celebrarase un sorteo público, o 13 de decembro de 2022, ás 09:00 h., para establecer a orde de adxudicación na páxina <https://echaloasuerte.com> ou a través do procedemento de insaculación.

**Orde de preferencia para a adxudicación de prazas:** nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, para a orde de preferencia terase en conta:

- a) As persoas empadroadas no Concello da Coruña
- c) O sorteo de prazas segundo o número de solicitude asignado e conforme ao agraciado no sorteo público.

### IX. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA

A listaxe definitiva publicarase o día **14 de decembro de 2022** a partir das 14:00h.

Todas as persoas solicitantes que non obtivesen praza pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

### X. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓN



**As persoas que obtiveran praza, poderán formalizar a inscrición do 15 ao 19 de decembro de 2022** acudindo a calquera das caixas de Deportes (CD Riazor, CD Torre ou polideportivo do Barrio das Flores), concertando [cita previa](#) e en horario de 08:00 a 14:00 h.

Para que a matrícula sexa efectiva, deberá cubrirse o formulario de inscrición que se achega como Anexo e que estará colgado na páxina web municipal e pagar a taxa correspondente de acordo co previsto na Ordenanzas Fiscal número 15 do Concello da Coruña.

Documentación que debe acompañarse para a inscrición:

- a) Fotocopias do DNI (de non telo, do Libro de Familia) e do DNI do pai/nai.
- b) Persoas suxeitas a tutela: fotocopia do DNI, se o tivese e, ademais, do documento legal que a acredite e do DNI do titor.

De acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non se requirirán aos interesados datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicitálos electronicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Presumirase que esta consulta é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso, debendo, en ambos os casos, ser informados previamente dos seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal. Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

As persoas que nese prazo non formalizaran a matrícula e pagaran a taxa correspondente, entenderase que renuncian á praza e pasarase a xestión a listaxe de agarda, durante os días 20 e 21 de decembro de 2022.

## **XI. RESUMO DOS PRAZOS DO PROCEDEMENTO**

<b>TRÁMITE</b>	<b>DATAS</b>
<b>Presentación de solicitudes</b>	1 ao 4 de decembro (ata as 23:59 horas)
<b>Listaxe provisional de solicitantes</b>	7 de decembro
<b>Subsanación de erros</b>	8 ao 11 de decembro ata as 23:59 horas
<b>Listaxe definitiva de solicitantes</b>	12 de decembro
<b>Sorteo (de ser necesario)</b>	13 de decembro, ás 09:00 horas.
<b>listaxe de adxudicación de prazas</b>	14 de decembro, a partir das 14:00 h.
<b>Inscricións persoas admitidas</b>	15 ao 19 de decembro de 2022
<b>Xestión da listaxe de agarda</b>	20 e 21 de decembro de 2022



## **XII. PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, para xestionar as EDM. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade que a prestación dos servizos contemplada nas EDM conleva o tratamento de datos persoais. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Non se considerará cesión de datos cando sexa de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, xa que, como se indica na disposición adicional vixésima quinta, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante.

O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPD Exercicio de dereitos" (xunto á súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando fotocopia do DNI) ou ben mediante solicitude na sede electrónica. Dado o carácter confidencial da información, non poderá exercer os seus dereitos telefonicamente, posto que este medio non permite acreditar a identidade como titular dos datos rexistrados.

Coa sinatura da solicitude autorízase a tomar imaxes das actividades que se realicen, sempre que se utilicen para a promoción e difusión das mesmas, así como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes.



**ANEXO I: FOLLA DE INSCRICIÓN**



• INSCRICIÓN NA SEMANA DEPORTIVA DE NADAL 2022/23

Servizo Municipal de Deportes

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE										
APELIDO S:				NOME:						
DNI:		DATA NACEMENTO:		E-MAIL:						
RÚA:						N.º:				
ANDAR:		LETRA:		CÓDIGO POSTAL:						
LOCALIDADE:										
TELÉFONO 1:				TELÉFONO 2:						
DISCAPACIDADE: Tipo				GRAO:		DEPENDENTE:		SI		NON

SABE NADAR			
SI		NON	

DATOS DA PERSOA TITORA				
APELIDO S:		NOME:		
DNI:				
AUTORIZO O/A MENOR A QUE ABANDONE SÓ/SOA A ACTIVIDADE UNHA VEZ FINALIZADA, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE			SI	NON

PERSOA E TELÉFONO DE CONTACTO DURANTE A ACTIVIDADE	
NOME E APELIDO S:	Teléfono móbil:

GRUPO E QUENDA NO QUE SE INSCRIBE			
GRUPO 6-8 ANOS:		GRUPO 9-12 ANOS:	
QUENDA 1:		QUENDA 2:	
HORARIO AMPLIADO 08:00-09:00 h:		HORARIO AMPLIADO 14:00-14:30 h:	

**E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

- Que son certos os datos facilitados.
- Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para practicar a devandita actividade deportiva (Nota: o Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir o certificado médico de idoneidade do/a participante, nos casos que considere oportunos).
- Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina web municipal na data de sinatura do presente documento.

**AUTORIZACIÓN EXPRESA PARA USAR A IMAXE:**

AUTORIZO a toma de imaxes ou gravación de vídeos, durante o desenvolvemento das actividades, onde poida aparecer de forma puntual, para que se publiquen na páxina web do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio concello: SI  / NON

A Coruña, de decembro de 2022

Sinatura do pai/nai ou titor/a arriba indicado/a